

# MEICENDE CONCILIA

## CONCILIA PARA PERSOAS ADULTAS

XULLO 2026

Servizo de apoio e conciliación dirixido a persoas adultas e/ou con diversidade funcional con autonomía suficiente, que ofrece acompañamento durante determinadas horas do día, cun **máximo de 2 horas diarias**, para facilitar o descanso e a conciliación das familias cuidadoras.

Trátase dun recurso non sanitario nin asistencial, orientado ao benestar, á participación social e ao mantemento da autonomía das persoas usuarias, a través de actividades lúdicas e de estimulación nun entorno seguro e supervisado.

Actividades continuas durante todo o mes:

### **Estimulación cognitiva:**

- Xogos de memoria.
- Crebacabezas e xogos de palabras.
- Actividades de asociación.

### **Actividades sociais e recreativas:**

- Xogos de mesa, como dominó, xadrez ou bingo.
- Cineforum.
- Faladoiros literarios.

### **Actividades creativas:**

- Manualidades adaptadas.
- Sesións de escritura creativa.

